

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 21 DE OUTUBRO DE 2025

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e seis minutos do día vinte e un de outubro do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 14 DE OUTUBRO DE 2025

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 14 de outubro de 2025, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 14 de outubro de 2025.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, Deputación provincial da Coruña, anuncio das bases reguladoras, en réxime de concorrência, do programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026 (PEL-CONCELLOS/2026). BOP número 197, do 15-10-2025.

- Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación, Deputación provincial da Coruña, anuncio das bases reguladoras, en réxime de concorrência, do programa de subvencións a concellos para realizar actuacións de protección especial sobre o patrimonio cultural público ou de xestión municipal no ano 2026 (DP0045/2026). BOP número 197, do 15-10-2025.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 10 ao día 16 de outubro de 2025, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 969/2025 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 978/2025, segundo se relacionan a continuación:

Nº Decreto	Data sinatura	Asunto
969/2025	10-10-2025	Aprobar e dispor o gasto, e recoñecer e liquidar obrigas a prol de INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS, S.L. con NIF B15025661, por importe de trece mil trescentos corenta e cinco euros con noventa e sete céntimos (13.345,97 €), en execución do auto estimatorio da medida cautelar solicitada pola empresa na Peza separada de Medidas cautelares en 128/2025 001- M en Procedemento abreviado 128/2025, do Xulgado contencioso administrativo nº 2 da Coruña, así como o seu pagamento e realización do pago mediante transferencia á conta titularidade de INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS, S.L. con cargo á aplicación orzamentaria 165 22799.
970/2025	10-10-2025	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 14 de outubro de 2025, ás 10.00 horas, que terá lugar no despacho da Alcaldía da casa do concello.
971/2025	14-10-2025	Solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, a emisión do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado PROGRAMA MAÑANCEIRO prestado pola empresa A BILLARDA, S.L. formulando a seguinte proposta de resolución: Declarar a nulidade do acto administrativo
972/2025	14-10-2025	Convocar proceso selectivo para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de Administración Xeral interinos cando se dean as circunstancias que legalmente o permitan. Aprobar as bases reguladoras desta convocatoria.
973/2025	14-10-2025	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de

		Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento ás persoas que se relacionan, nas datas que constan; isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais.
974/2025	14-10-2025	Aprobar unha factura por importe de 313,00 euros. Autorizar e dispor o gasto, no seu caso, así como recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes ó antedito gasto con cargo á aplicación orzamentaria correspondente, e aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.
975/2025	14-10-2025	Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas que se relacionan a continuación nas datas comprendidas entre o 1 e o 31 de agosto de 2025; isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais.
976/2025	14-10-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención, referencia: REPARO SUSPENSIVO TEDEC 2025/T003/002824, de data 12 de setembro de 2025, tendo en conta o informe emitido polo xefe de Área de Urbanismo e Réxime Interior con data 9 de outubro de 2025 e aprobar as facturas que se relacionan por importe total de 3105,02 euros.
977/2025	16-10-2025	Conceder anticipo por importe de 3.005,06 euros a devolver en 24 mensualidades a funcionario municipal.
978/2025	16-10-2025	Conceder anticipo por importe de 3.005,06 euros a devolver en 24 mensualidades a funcionaria municipal.

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou ningún/ningunha.



E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e oito minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo